

Rosalía de Castro nace en Santiago de Compostela o 23 de febreiro de 1837 e é bautizada ese mesmo día no Hospital Real co nome de María Rosalía Rita e rexistrada como filla de pais descoñecidos, aínda que hoxe sabemos que foi filla do sacerdote José Martínez e de María Teresa de la Cruz de Castro, de familia fidalga. Os seus primeiros anos de vida pasaron no pazo de Ortoño, propiedade da familia paterna, pero sen contacto co seu pai nin a súa nai.

Cando Rosalía xa tiña doce anos a súa nai faise cargo dela e lévaa a vivir a Padrón e, posteriormente, a Santiago de Compostela.

En 1856, con dezanove anos, trasládase a Madrid, e coñece a Manuel Murguía co que casará uns anos despois.

É Murguía, quen a anima a publicar as súas obras, pois Rosalía, de carácter moi reservado, non tiña ningún interese na difusión das súas creacións.

No ano 1859 publícase a súa primeira novela «*La hija del mar*» e, uns anos despois, o seu primeiro libro de poemas «*La Flor*», ambos os dous en lingua castelá.

Posteriormente, en 1863, aparece «*Cantares Gallegos*» e en 1880 «*Follas Novas*», dous libros de poemas, en galego, que consagraran a Rosalía como a gran poetisa galega de todos os tempos.

A obra literaria de Rosalía ten un carácter marcadamente romántico cunha expresión sinxela, tratando temas como a emigración, o amor pola terra, o descontento social, os abusos dos poderosos...


Rosalía, Valentín Lamas Carvajal, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal, son as grandes personalidades do noso Rexurdimento, movemento cultural no que a lingua galega volve a ser utilizada como idioma literario e o seu uso comeza a normalizarse coa aparición de novos autores, xornais e editoriais.

Un 15 de xullo de 1885 falece Rosalía na súa casa de Padrón e é enterrada, baixo unha oliveira, no cemiterio padronés de Adina. Seis anos despois os seus restos foron trasladados ao Panteón de Galegos Ilustres, no convento compostelán de San Domingos de Bonaval.



Casa familiar de Rosalía de Castro, en Padrón (A Coruña), coñecida popularmente como Casa da Matanza, onde a poetisa pasou os seus últimos días. Na actualidade é a súa casa-museo.

Un repoludo gaiteiro
de pano sedán vestido
como un príncipe cumprido,
cariñoso e falangueiro,
entre os mozos o primeiro
e nas cidades sen par,
tiña costume en cantar
aló pola mañanciña:
Con esta miña gaitiña
as nenas hei de enganar.



UN REPOLUDO GAITERO

Campanas de Bastavales,
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades.

Cando vos oio tocar,
campaniñas, campaniñas,
sen querer torno a chorar.

Cando de lonxe vos oio,
penso que por min chamades,
e das entrañas me doio.

Doiome de dor ferida,
que antes tiña vida enteira
e hoxe teño media vida.

...

DÍA
DE
ROSALÍA

23 DE FEBREIRO



ROSALÍA DE
CASTRO

(1837-1885)

XUNTA
DE GALICIA

Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega